



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+GALICIA 2021-2027 (PROCEDIMENTO TR350E)

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal de persoal para a execución de obras e servizos mínimos municipais para o seguinte posto:

- Peón/Peona Obras Públicas

Esta contratación encádrase no Programa I de Selección para as entidades locais para contratar persoas mozas desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego e figuren dadas de alta no Sistema de Garantía Xuvenil.

Esta convocatoria ten por obxecto o financiamento de accións de fomento de emprego en colaboración coas entidades locais e organismos sen ánimo de lucro para a contratación durante nove meses de persoas mozas, inscritas como beneficiarias no ficheiro do Sistema de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, co obxecto de proporcionarlles unha experiencia e práctica profesional que facilite a súa inserción laboral.

As persoas mozas traballadoras que sexan contratadas ao abeiro do referido programa, e destas bases, realizarán un traballo efectivo en tarefas relacionadas cos fins da entidade local que lles procure unha práctica profesional necesaria para a súa integración sustentable no mercado de traballo:

- Limpeza e mantemento de espazos públicos.
- Colaboración coa brigada de obras e de xardinería para axudar en determinadas obras ou traballos que teñan que ver coa mellora ambiental e forestal do Concello.
- Cargar, descargar materiais de obras e manexo de maquinaria.

2.- PERÍODO - RETRIBUCIÓN E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN

Os contratos realizaranse a tempo completo por unha xornada equivalente ao 100% (coeficiente 1.0) cunha xornada de 37,5 horas semanais e terán unha duración de 9 meses como máximo. Tipo de contrato: **Contrato de traballo de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos (código 406).**

O prazo límite de inicio do dito contrato será o 29 de novembro de 2025.

As vacacións e horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, adaptaranse ás necesidades do servizo.

As retribucións serán de euros 1.389,66 brutos mensuais (incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias).

A convocatoria referirase á seguinte praza: 1 Peón/Peoa Obras Públicas.

3.- PUBLICIDADE



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

O Concello de Val do Dubra acudirá ao Servizo Público de Emprego de Galicia, mediante a formulación da pertinente oferta xenérica de emprego.

A publicidade da convocatoria farase mediante anuncio na web municipal www.valdodubra.gal e no taboleiro de anuncios físico e da sede electrónica do Concello de Val do Dubra. Todos os anuncios sucesivos faranse no taboleiro de anuncios físico e da sede electrónica do Concello de Val do Dubra.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

De acordo co previsto no artigo 29 da Orde de convocatoria, as persoas traballadoras que sexan contratadas para a realización dos servizos deberán cumprir os seguintes requisitos:

A.- Ter feitos os dezaioito (18) anos e non superar os vintenoventa (29) anos de idade máxima que establece a normativa vixente do Sistema nacional de garantía xuvenil.

B.- Estar desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego.

C.- Estar inscritas como beneficiarias no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, para ser beneficiarias desta medida, as persoas mozas deberán constar como inscritas e beneficiarias no ficheiro do SNGX, así como cumprir os requisitos de non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior ao momento de recibir a actuación, en coherencia co disposto no artigo 105.1 da Lei 18/2024, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, modificada polo Real decreto lei 6/2016, do 23 de decembro, e polo Real decreto lei 8/2019, do 8 de marzo.

D.- Ser nacional de algún estado membro da Unión Europea ou estranxeiros residentes que reúnan os requisitos da Lei orgánica 4/2000.

E.- Non atoparse incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar co Concello.

F.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo da administración do estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio público.

G.- Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións do posto. Acreditarase, por parte dos traballadores que sexan finalmente seleccionados antes da súa incorporación laboral, mediante informe médico oficial no que se faga constar que o/a aspirante reúne as condicións físicas suficientes para a realización das tarefas, ademais de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.

H.- Non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior á data de sinatura do contrato.

Estar en posesión do CELGA 1, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias. A acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase de conformidade coa normativa de aplicación, segundo o Sistema de Certificación da Lingua Galega (CELGA) vixente, ou certificacións equivalentes homologadas polo órgano competente en materia de Política Lingüística da Xunta de Galicia. En todo caso, as persoas aspirantes que non acheguen o CELGA 1, ou equivalente, ou non acrediten estar en condición de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento da lingua galega que cualificará á persoa aspirante como apto/a ou non apto/a, de acordo co previsto na base sexta.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

Terán preferencia na selección a través da oficina de emprego as persoas con maiores dificultades para a inserción laboral, por esta orde: as persoas con discapacidade, as persoas trans e as persoas en risco de exclusión social, e a continuación, as persoas desempregadas mozas que participasen nos últimos 3 anos (2023-2024-2025) en programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil.

Todos os requisitos anteriores deberán terse en conta no proceso selectivo. E serán verificados antes da contratación por parte do tribunal de selección encargado.

5.- INSCRICIÓN

Para formar parte na preselección as persoas interesadas deberán estar inscritas no Servizo Público de Emprego como demandantes de emprego non ocupados, e figurar inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil. Unha vez remitidas as persoas candidatas polo Servizo Público de Emprego, este organismo (ou por delegación o concello) comunicarlle aos candidatos/as preseleccionados o día e a hora de presentación no concello para a realización da proba e para xustificar o cumprimento dos requisitos establecidos no punto 4 das presentes bases.

A documentación a presentar para poder acceder a proba son:

- Fotocopia DNI
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, CCAA ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas
- Certificado médico ou declaración de non padecer enfermidade
- Informe vida laboral actualizado dos últimos 12 meses
- Inscripción como demandante de emprego inscrito no Sistema de Garantía Xuvenil
- Celga 1

6.- SISTEMA DE SELECCIÓN:

O sistema de selección será o de oposición:

1 exercicio; fase de oposición, ata un máximo de 10 puntos. Consistirá na realización dun exame-práctico escrito que versará sobre:

- Coñecemento e características dos materiais comúns e os procesos básicos utilizados na construción.
- Uso do Equipo de Protección Individual (EPI), e medidas de prevención de riscos.
- Manexo de maquinaria básica.
- Funcións e normas de seguridade das ferramentas.

A duración do mesmo será de 45 minutos.

2 exercicio; As persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido (CELGA 1 ou equivalente) terán que realizar unha proba oral obrigatoria de competencia en lingua galega. Será avaliada como apto/non apto.

7.- TRIBUNAL



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcaí, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

O Tribunal Cualificador estará integrado do seguinte xeito: Presidente/a: Un/ha empregado/a público a designar pola Alcaldía Vogais: Tres empregados/as públicos a designar pola Alcaldía Secretario/a: Un empregado/a público a designar pola Alcaldía.

Os/as membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real decreto 36.4/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso. Así mesmo, as persoas interesadas poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 24 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A pertenza aos órganos de selección realizarase a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente/a e do/a Secretario/a ou, no seu caso, dos seus/súas suplentes, e da metade, polo menos, dos seus membros. O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores/as especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección. A composición dos tribunais será predominantemente técnica, non formará parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política. O tribunal resolverá cantas dúbidas poidan exporse e poderá adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable. Aos membros ou asesores do tribunal que concorran ás súas sesións, aboaránselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente no momento dos devengos.

8.- PUNTUACIÓN FINAL

A puntuación total máxima do proceso será de 10 puntos, no caso de que dúas ou máis persoas candidatas acaden a mesma puntuación total ou final, procederase a DESEMPATAR na seguinte orde:

- 1º. Maior antigüidade na inscrición no Sistema Nacional de Garantía.
- 2º. En caso de persistir o empate por sorteo.

Rematada a selección, o Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello a relación do candidatos preseleccionados que obteñen a máxima puntuación no proceso, establecendo un período de 2 días naturais para efectuar calquera posible reclamación.

9.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador elevará á Alcaldía a proposta de contratación dos/das aspirantes que obteñan as maiores puntuacións. Rematada a selección, o Tribunal formará a redacción de seleccionados pola orde de puntuación final obtida, non podendo exceder estes o número de postos convocados, e faraa pública no Taboleiro de anuncios do Concello.

A formalización do contrato terá lugar en canto o interesado presente a documentación pertinente:

- Fotocopia DNI e tarxeta sanitaria.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, CCAA ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcái, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

- Xustificante da conta bancaria.
- Certificado médico.
- Informe vida laboral actualizado dos últimos 12 meses, e informe de períodos de inscrición actualizado.
- Inscrición como demandante de emprego inscrito no Sistema de Garantía Xuvenil.

Mentres non se formalice o contrato, os aspirante propostos non terán dereito a percepción de ningunha cantidade económica. Establécese un período de proba de 15 días, conforme ao artigo 14 do Estatuto dos Traballadores. Transcorrido este período, se a persoa da que se trata o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato subscrito.

No caso de que algunha praza quedara vacante por baixa voluntaria ou por non superar o período de proba, pasará a formalizar contrato o seguinte candidato da lista con máis puntuación.

No non previsto nas presentes bases, será de aplicación, o Texto refundido do Estatuto dos Traballadores e demais lexislación complementaria que resulte de aplicación.

10.- RECURSOS

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos dimanen destas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e coa forma que se prevé na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

11.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal, incorporaranse nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Val do Dubra, con sede na Rúa Arcái, onde poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, e no seu caso, o de oposición dirixindo á Secretaría solicitude asinada por escrito xunto cunha fotocopia do DNI.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consinten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos/as, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos/as, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Asemade os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello para os efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de lei.

Val do Dubra, 06 de outubro de 2025.

O alcalde

Diego Luis Díaz Méndez



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

ANEXO I: MODELO DE INSTANCIA DE SOLICITUDE

NOME E APELIDOS: _____

DNI: _____

TELÉFONO DE CONTACTO /TELÉFONO MÓBIL: _____

ENDEREZO: _____

A persoa que asina abaixo solicita ser admitida no proceso de selección de persoal laboral temporal a tempo completo para o posto de:

PEÓN OBRAS PÚBLICAS

DECLARANDO que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral temporal do Concello de Val do Dubra.

Solicita tomar parte na selección en réxime laboral temporal, segundo o establecido nas propias bases que rexerán nesta convocatoria. En Val do dubra, de .
(SINATURA).

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA

De acordo co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámolo de que os datos persoais facilitados incorporaranse e manteranse nun ficheiro de titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos na medida que en que a lei o permita. Comunicándollo por escrito ao Concello, achegando copia de documento que acredite a súa identidade.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

ANEXO II: DECLARACIÓN XURADA.

Eu, D. _____ con DNI; _____

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparme en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Que reúno algún dos requisitos desta convocatoria e que son os sinalados na base 4 das bases que rexen a presente convocatoria.

Val do Dubra, de

(SINATURA).

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA

De acordo co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámolo de que os datos persoais facilitados incorporaranse e manteranse nun ficheiro de titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos na medida que en que a lei o permita. Comunicándollo por escrito ao Concello, achegando copia de documento que acredite a súa identidade.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcái, 41 – Bemibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

ANEXO III. DECLARACIÓN XURADA

Eu, D. _____ con DNI; _____

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica, incompatible co desempeño das correspondentes funcións da categoría á que se opte.
- No caso, de NON entregar o Informe do médico de cabeceira acreditando a miña capacidade para o desenvolvemento das funcións no momento da presentación da documentación, COMPROMÉTOME a entregalo por rexistro de entrada do Concello de Val do Dubra, antes ou no momento de celebración da proba.

Val do Dubra, de

(SINATURA).

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA

De acordo co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámolo de que os datos persoais facilitados incorporaranse e manteranse nun ficheiro de titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos na medida que en que a lei o permita. Comunicándollo por escrito ao Concello, achegando copia de documento que acredite a súa identidade.